

Lugrís Freire no teatro galego

Henrique Rabuñal

Manuel Lugrís Freire (1863-1940) dá en Cuba os seus primeiros pasos como escritor e como dramaturgo. Vive na illa desde 1883 sendo testemuña privilexiada das actividades do Centro Galego e da Sociedade de Beneficiencia dos naturais e oriúndos de Galiza. Ten como compañeiros a Curros Enríquez, a Waldo Álvarez Insua, a Xosé Novo García ou Ramón Armada Teixeira con quen funda *A gaita gallega* (1885-1889), a primeira publicación integramente editada en galego das surxidas na outra beira do Atlántico. Lugrís é un dos primeiros críticos da peza de Armada *Non máis emigración*, e tamén un dos firmes partidarios de proseguir o labor de construción dunha dramática en galego na liña sinalada por Francisco de la Iglesia por aqueles anos 80 de finais de século.

Plenamente consciente xa da realidade nacional galega e da súa identidade idiomáticaponse mans á obra escribindo en 1884 a súa primeira peza teatral: *A costureira d'aldea*, obra en verso polo menos ensaiada polos actores Xesús Caula, Dorinda Rodríguez e Pablo Rodríguez. Trátase dunha comedia de costumes escrita en octosílabos, organizada en trece escenas e resolvida nun único acto. Son motivos recorrentes na comedia a defensa do galego e dos galegos (especialmente nas réplicas patrióticas


dun vello mariñán) nunha trama argumental cun triángulo amoroso: Xaquina, a costureira, ten dous pretendentes, Mingos, prototipo de galego honrado con quen ademais vai casar, e un madrileño, Prácido, debuxado como un ser indigno.

Despois de editar o seu poemario *Soidades* (1894) con prólogo de Curros, en 1896, logo de trece anos cubanos, Lugrís Freire volve á Coruña e prosegue a súa actividade intelectual integrado na Cova Céltica e no conxunto de labores políticos e culturais –tamén teatrais– que na Cova deseñan os seus novos camaradas: Francisco Tettamancy, Salvador Golpe, Galo Salinas, Carré Aldao, Martelo Paumán, Banet Fontenla, Eladio Rodríguez González, Marcial de la Iglesia, os Vaamonde, Waldo Álvarez Insua e por riba de todos Murguía e Pondal.

A primeira parte da súa obra teatral na Galiza está ligada á Escola Rexional de Declamación da que foi con Galo Salinas o seu presidente e que lle vai estrear as súas obras *A ponte*, *Minia* e *Mareiras*. A Escola é unha ocasión pioneira e emblemática para todos os axentes do feito teatral galego da altura: autores, actores, críticos e espectadores. Tratábase de constituír un grupo de teatro estábel que garantise a representación e fomentase a escrita de pezas,




Logo de editar o seu poemario *Soidades* (1894) con prólogo de Curros, en 1896, logo de trece anos cubanos, Lugrís Freire volve á Coruña e prosegue a súa actividade intelectual integrado na Cova Céltica.



escrita na que estaban empeñados por aquel tempo Carré Aldao, autor e estudoso teatral, Cuveiro Piñol, González Varela, Roxelio Civeira, Amor Meilán, Otero Pimentel ou Álvarez Jiménez (1830-1911). A Coruña coñecía ademais unha activa vida teatral en español e múltiples grupos de afeccionados.

Será Eduardo Sánchez Miño (1872-1921), autor, actor, director, quen en 1902 principie a dirección artística dos ensaios cun grupo de actores para que a Escola debute a noite histórica do 18 de xaneiro de 1903 no Principal da Coruña -hoxe Rosalía de Castro- representando dúas pezas en español e unha en galego, *¡Filla...!* de Galo Salinas, que na opinión

O pazo, impresa en 1917, supón o comezo da terceira etapa do teatro de Lugrís, a súa reincorporación aos escenarios e a preferencia por un novo xénero, a comedia, máis acorde cos novos tempos das Irmandades da Fala nos que tiña mudado o decorado ideolóxico e estético da nosa dramática.



de Leandro Carré, espectador daquela representación, “facía realidade a creazón do Teatro Galego”. Con Sánchez Miño van traballar os seguintes actores e actrices: Celia Anguita, Consuelito Anguita, María Anguita, Xulia Anguita, Bernardo Jambrina, Zoilo Díaz, Gonzalo González, Luís Lens, Federico Lago, Lola Losada, Sebastián Naya, Consuelo Puga, Luís Torres, Xosé Blanco, Manuel Díaz, Pedro González, Francisco Lumbreras, Luís Panisse, Carlos Rei, Abelardo Rivas, Xosé Sánchez, Carlos Veiga, Xosé A. Velo e Mariano Tudela.

O labor da Escola non estivo exento de polémica e poñía o dedo na chaga ao abordar a necesidade dunha progresiva normalización cultural que non se conseguía sen ir gañando territorio no ámbito da presenza oral do idioma e no específico do teatro. As representacións dan lugar a un debate en torno ao teatro galego e ao teatro en galego, o teatro de tese e as implicacións políticas do teatro.

Lugrís releva a Salinas na Presidencia da Escola onde se producen conflitos nunca ben esclarecidos e prodúcese, tamén en 1903, a histórica estrea de *A ponte*, un drama en prosa na liña da dramática social que critica a tiranía caciquil e defende a causa dos humildes e explotados. Pedro, marido de Ánxela, está preso na Coruña pola falsa denuncia dun cacique que pretende forzar á súa muller a manter relacións sexuais. No fin da obra, o cacique pretende consumar a violación sendo sorprendido por Pedro. Pedro mata o Vinculeiro nunha ponte contando co consentimento do seu compadre Antón. Este, acentuando a dimensión social da obra, aparece enfrontado á igrexa e ao cacique cultivando unha sincera solidariedade coa familia de Pedro á que alimenta o simbólico día de noiteboa. Antón propón a emigración como saída á miseria e sobre todo á inxustiza e usa o símbolo da ponte que isola os explotados dos explotadores. Proba da distancia ideolóxica que mantiña con Lugrís, Galo Salinas, na súa crítica, considera que a obra fería os sentimentos relixiosos e políticos da xente postulando que Antón impedise o homicidio.

En Ferrol a Escola vai estrear a seguinte peza de Lugrís: *Minia*. Minia, a servir na casa duns fidalgos, ten un fillo, Fiz, de Xacobe. Este é obrigado a emigrar a Cuba e aquela fica na máis extrema pobreza.



Morto Xacobe designa a Fiz primeiro herdeiro e ao seu irmán Reinaldo segundo. Reinaldo con vistas a herdar el pretende casar con Minia e ao non conseguilo decide matar o cativo. Sen embargo é Minia quen apuñaala ao cacique apoiada por Martiño quen a axudou nos tempos duros protexéndoa agora que non disimula o seu amor por ela.

Con *Mareiras*, estreada pola Escola en 1904, Lugrís Freire ideou un drama longo, en tres actos e de ambiente mariñeiro. As mareiras e o sudeste impiden a saída ao mar dos mariñeiros provocando a ameaza da fame. Aparece un conflito amoroso a implicar tres figuras: Carmela, comprometida con Cidrán mais no final amante de Paulos, Cidrán, enfrontado ao mundo de D. Amaro e finalmente Paulos, solidario co discurso ético que encarna aquel crego. O autor fai fincapé na antitética situación económica de Paulos, deficitaria, e a de Cidrán, desafogada. A solución do conflito é posíbel coa intervención do crego D. Amaro, que acaba entendendo que o amor só ten razón de ser entre Carmela e Paulos. A figura deste crego resulta decisiva e o seu deseño segue as pautas dun certo dualismo dicotómico tan frecuente no teatro de Lugrís. D. Amaro é a antítese máis acabada do seu antónimo, ideolóxica e clericalmente, D. Perfeuto –repárese no suxestivo do nome. Mentres aquel ten prohibido misar e opta por consagrarse á educación –proxeito espiritual- e á alimentación –proxeito material- das xentes do pobo, este, crego titular da vila, está unicamente interesado en conseguir cartos das pobres arcas dos veciños. A obra tamén se representou nos anos 20 na época das Irmandades da Fala.


A Escola de Declamación desaparece do noso mapa teatral e o teatro galego volverá á Coruña os anos 1908 e 1909 da man de Nan de Allariz e en 1910 cando o Grupo Talía estree a *Esclavitú* de Lugrís, a obra que pon fin á etapa dos dramas. O autor está claramente representado por Cidre, quen para alén de narrar a súa estada cubana realiza unha exaltación da galeguidade, por certo moi ben considerada no seu día polas Irmandades da Fala e en parte anticipada por *A costureira d'aldea*. A liña argumental céntrase nos amores de Esclavitú e Cidre, escamoteados pola intromisión do andaluz Toribio quen a través dun bebedizo logra manter relacións sexuais



En 1903, a histórica estrea de *A ponte*, un drama en prosa na liña da dramática social que critica a tiranía caciquil e defende a causa dos humildes e explotados.

coa moza durante a ausencia de Cidre. Este, ao padecer unha doenza que resulta mortal, solicita do seu irmán Román que case coa súa noiva. Román, “aristócrata xermánico metido a labrego”, acaba matando o andaluz cando molestaba a Esclavitú, xa morto Cidre. Á marxe deste conflito que parece esconder un amor oculto entre Román e a moza de seu irmán poténciase en concordancia coa ideoloxía rexionalista e solidaria a oposición Galiza vs. Andalucía.


Como é habitual neste teatro, a morte é quen fai xustiza e quen permite a solución dos conflitos. Neste caso trátase dunha morte por partida dobre. Xunto coa morte accidental de Cidre –que resulta nece-



Estadeiña é a última peza escrita, impresa (1919) e estreada de Lugrís pertencendo ao menos afortunado do seu teatro que nesta ocasión pretende criticar a superstición popular.



Con *Mareiras*,
estreada pola
Escola en
1904, Lugrís
Freire ideou un
drama longo,
en tres actos
e de ambiente
mariñeiro.



saría para a trama argumental- asistimos á morte exemplificante e xusticeira de Toribio, executada polo redentor Román, animado polo consentimento fraterno de que dispón para resolver o seu dilema.

Esclavitú, impresa en 1906, foi estreada o 19 de setembro de 1910 no Pardo Bazán da Coruña polo grupo da Sociedade Talía. En 1916 e 1917 lévana ao palco tamén na Coruña o Cadro de Declamación do Centro Jaimista coruñés e o Ensaio de Compañía Cómico-Dramática.

Antes da segunda etapa da actividade teatral de Lugrís e que vai coincidir coa fundación das Irmandades da Fala, o noso dramaturgo publica nos anos 1907 e 1908 en *A Nosa Terra Ir por lan* e *La ofrenda*. Co pseudónimo de Asieumedre asina Lugrís *Ir por lan*, un diálogo teatral humorístico, protagonizado por Peroxa e o avogado D. Pedro. Aquela quéixase diante do letrado porque o can do boticario lle rompeu “sete olas, catorce cubiletos, tres petos, vinte tarteiras e máis de dúas ducias de cuncas vidradas.” Peroxa, logo de cuantificar os danos en 40 réas, quer saber se ten dereito a cobrar esa cifra. D. Pedro confirma esa posibilidade e entón Peroxa esclarece que o can é do propio D. Pedro quen para non pagar decide cobrarlle á paisana os 40 réas en concepto de honorarios.

La ofrenda o los folletos verdes de Don Pepiño é un sainete rápido pensado para a súa representación. Interven en na obra tres personaxes dos que un, a

criada, reduce a súa presenza a unha intervención verbal sen comparecer fisicamente no escenario. A peza é un diálogo entre o españolfalante Leopoldiño e o galegofalante D. Pepiño.

Desde a primeira das catro escenas, Pepiño é definido como un “doctor foliculario” e o seu contrincante pola secuencia “eu casi soplo o lume”. O segundo basea a súa primeira alocución en louvores á casa na que acaba de entrar e na que predomina unha admirábel orde. Leopoldiño, usuario dun idioma tan peculiar que lle fai pronunciar palabras como “fazañas”, define a Guerra Junqueiro -vate admirado por Lugrís- como poeta vulgar. Un “ispo facto” de Pepiño xa na segunda escena inaugura un diálogo entre o anfitrión e o visitante. Aquel declara ter achado, mercé á súa competencia gramatical, un acusativo na oración “Los concurrentes a la Cueva Céltica no saben emplear los acentos en sus toscos escritos”. Este entende que as últimas catro palabras son abaltivo. Saíndose da gramaticalidade, D. Pepiño explica ao seu comunicante que naquela oración a Cova Céltica era obxecto dunha acusación.

Leopoldiño acentúa a súa hibridez idiomática indicando que non se “decatava de ello”, fórmula que contrasta coa cita do anfitrión dun texto de Terencio: “Homo sum, et nihil humani a me alienum puto”. A seguir, D. Pepiño, claramente favorecido pola estratexia do autor, vai deixando sen efecto as críticas contra a Cova Céltica formuladas por Leopoldiño. Na escena terceira, Leopoldiño, colaborador do anfitrión, manifesta estar moi interesado na amizade de D. Pepiño, cuxas citas latinas detesta e xa na última o anfitrión faille entrega ao visitante da súa obra completa, formada por unha biografía e outros curiosos volumes.

Logo de publicar estes textos (*Ir por lan*, *La ofrenda*), Manuel Lugrís reata a súa actividade de representacións logo da fundación da Irmandade da Fala coruñesa coas obras *O pazo* e *Estadeiña*. A Escola Dramática Galega homenaxea a Lugrís Freire nos anos 20 por consideralo un dos clásicos fundamentais da nosa dramática, segundo opinión de Leandro Carré.

O pazo, impresa en 1917, supón o comezo da terceira etapa do teatro de Lugrís, a súa reincorporación



aos escenarios e a preferencia por un novo xénero, a comedia, máis acorde cos novos tempos das Irmandades da Fala nos que tiña mudado o decorado ideolóxico e estético da nosa dramática. A peza é un ensaio do teatro da natureza podéndose representar “n-un souto que teña as condicións que o movemento escénico require”. *O pazo* é a súa obra máis representada por ser solidaria con esa dinámica de afirmación cultural e idiomática postulada polo teatro de Cabanillas e Quintanilla e que tiña no propio Vicente Risco un acérrimo panexirista.

Neste contexto, *O pazo*, próximo por veces do peor discurso panfletario, fai unha apoloxía contundente do movemento nacionalista facendo fincapé no nobre que significa falar galego e no indesexábel que resulta expresarse en español, e máis aínda nese español *macarrónico* e degradado que utiliza temporalmente Micaela.

Na comedia, tamén escrita en prosa, conviven dúas historias amorosas, as de María e Pedro dunha parte, e a de Micaela e Xan da outra, con final feliz, ambientadas na época *actual* e nas mariñas sadenses. O acto primeiro preséntanos a Sabela e Mingos, casal vello e feliz que espera casar á súa filla María con Pedro, este emigrado tres lustros na capital cubana. A acción, ambientada nun día de festa, moi cedo, e na aldea de Veigue contén críticas aos españolfalantes e correlativas defensas dos galegofalantes especialmente relevantes coa chegada á aldea de Micaela, procedente da Coruña, e convertida en personaxe a redimir e converter para o galeguismo.

Xan, un mozo de 25 anos, gusta de Micaela e serve ao autor para abordar a dicotomía campo-cidade e consecuentemente a do galeguismo-españolismo, incorporando para tal estratexia a parella formada por Pedro e María que despois de casaren pretenden vivir no pazo que o noivo herdou dos seus avós fidalgos. O final feliz vén determinado polo casamento das dúas parellas e pola reconversión ao galeguismo de Micaela.

Cantigas da Terra estreou a comedia o 9 de marzo de 1918 representándose nese ano en Vigo, Ferrol, Lugo, Santiago ou Sada. En 1919 viuse en Betanzos. En 1922 o Cadro de Declamación Lugrís Freire representou *O pazo* en Mondariz e Pontearreas. A Escola Dramática



En 1910 o Grupo Talía estrea *Esclavítu* de Lugrís, a obra que pon fin á etapa dos dramas.

Galega faino en varias ocasións nos anos 22 e 23. A obra representouse en Sada o 28 de abril de 1927 co gallo dunha homenaxe a Lugrís Freire.

Estadeiña é a última peza escrita, impresa (1919) e estreada de Lugrís pertencendo ao menos afortunado do seu teatro que nesta ocasión pretende criticar a superstición popular. Aquí os amores de Rosa e Xurxo vense conmocionados pola hipotética morte deste último e pola aparición de Bastián pretendendo a aquela. Toniño, irmán de Xurxo, disfrazase de Santa Compañía para escorrentar a Bastián posibilitando no fin da peza a aparición de Xurxo e a consumación do amor, feito que desagrade ao propio Toniño porque quería con certeza ser el o substituto do seu irmán.

A data da estrea foi o 28 de agosto de 1919 nunha función da Compañía de Rodrigo García. O Conservatorio Nacional de Arte Galega representou a peza na Coruña en dúas ocasións no ano 1922. Tamén sabemos da montaxe do Centro Cultural Santa Lucía en 1948 xa en plena ditadura.

Manuel Lugrís Freire vive intensamente o seu compromiso co país na época das Irmandades e na etapa republicana e logo de vivir os terríbeis anos da guerra morre na Coruña deixando na nosa historia teatral unha das pegadas máis vivas e sobranceiras e que hoxe recoñecemos desde estas páxinas de xusta homenaxe.



DANIEL GONZÁLEZ SALGADO

Ourense, 1974

Licenciado en Arte Dramática (Especialidade de Dirección Escénica e Dramaturxia) polo Institut del Teatre de Barcelona e tamén titulado en Interpretación polo Instituto del Teatro y las Artes Escénicas de Gijón. Traballa coma director de escena, actor e dramaturgo. Actualmente exerce de profesor na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.